- Asistencia ao foro 'Educar para el siglo XXI. Desafíos y propuestas' sobre a formación docente (Madrid, 6 de novembro), organizado por iniciativa da Ministra de Educación. Neste foro participaron representantes das administracións educativas, facultades de educación, profesorado e sindicatos coa finalidade de xerar un debate e iniciar un proceso de reflexión encamiñado á elaboración dunha proposta para a toma de decisións sobre as necesidades e reformas que precisa a profesión docente.
- A invitación a xestores e profesionais do campo educativo en activo (mestres/as especialistas, inspectores/as, orientadoras/es...) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite ao equipo docente coñecer os requirimentos profesionais.

- Seminarios e grupos de traballo realizados con docentes doutras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para facer fronte ás novas esixencias profesionais.
- Contactos informais con egresados que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.
- Realización de consultas ás administracións educativas para axustarse ás esixencias profesionais para novos graduados/as.

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición mantense no presente curso (80 estudantes para unha oferta de 75 prazas), manténdose os índices de ocupación, preferencia e adecuación con respecto ao curso pasado. Tamén se manifesta un aumento da nota media de acceso (7.52) e o mantemento da nota mínima de admisión (7.0), datos todos eles que avalan o interese do alumnado polo título.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación e as enquisas de avaliación docente do profesorado, non de todo coincidentes, comezaremos comentando os resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado, dado que achegan información máis contextualizada, no sentido de que as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado se refiren a materias e docentes concretos. Pola contra, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo e inespecífico: o conxunto da titulación do grao en Educación Infantil. Ademais a mostra de suxeitos que responden ás enquisas de avaliación docente do profesorado e moitísimo máis ampla e representativa do alumnado do Grao en Educación Infantil (N= 1.708; Homes, 225; Mulleres, 1.433). de nos centrar na análise dos resultados das enquisas de avaliación docente, é de resaltar entre os aspectos da organización a valoración concedida á importancia das materias que conforman o plan de estudos para a formación dos/as futuros/as mestres/as (puntuación de 4.11/5). O alumnado tamén se amosa altamente satisfeito (3.93/5) co equilibrio entre os créditos asignados ás materias e o seu volume de traballo. Naqueles ítem que fan referencia á planificación e desenvolvemento docente as puntuacións acadadas oscilan entre un rango de puntuacións que van de 3.53 a 3.75, polo que en xeral se poden considerar moi positivas. en contraste, as enquisas de satisfacción do alumnado coas titulacións amosan resultados significativamente inferiores, ao oscilar entre os 2.55/5 outorgados á orientación práctica das materias e o 3.07/5 outorgado á estrutura e organización temporal do plan de estudos. Finalmente, cabe destacar tamén como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño Grupo A=54; Grupo B=26; Grupos C=13).

As puntuacións máis baixas corresponden os ítem '*a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación*' (2.55) e '*a orientación académica recibida no plan de acción tutorial*' (2.63/5). A pesar de que o Centro ofrece sesións informativas para a orientación académica e laboral (Prácticum, TFG, prácticas extracurriculares, saídas profesionais, etc.) a asistencia dos estudantes é en xeral escasa e, como xa se reflectiu en anteriores informes de seguimento, as valoracións do alumnado non se corresponden con esforzo realizado por titores/as e coordinadores/as para organizar as devanditas sesións. Parece polo tanto que cómpre facer algunhas modificacións na estrutura e difusión do PAT de modo que o alumnado sexa máis consciente das ferramentas que o centro lle facilita para a súa orientación académica e laboral.

Puntos débiles detectados:

- Orientación práctica das materias.

Accións de mellora a implantar:

- Difundir entre o profesorado esta debilidade e solicitar maior esforzo cara a dotar dunha perspectiva máis práctica os contidos ou de facer ao alumnado consciente da súa aplicabilidade.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matriculación de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.1.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Infantil para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo é altamente satisfactorio, tal e como reflicten as puntuacións obtidas nas enquisas de avaliación docente. en concreto o ítem: “A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade” acadou unha puntuación de 3.99 sobre 5. Así mesmo, o alumnado outorga unha puntuación de 3.91 sobre 5 ao ítem: “A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada”. en consonancia co dito anteriormente, as puntuacións obtidas nas enquisas de satisfacción coa titulación son máis baixas, se ben o alumnado outorga unha puntuación de 3.13 á “accesibilidade da titulación publicada na web”, e un 3.20 á “utilidade da información sobre a titulación publicada na web”.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.1.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade acadou un valor de 2.95./5 É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.1.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este criterio require unha aproximación dende dúas perspectivas diferentes: a adecuación dos docentes do título e a súa suficiencia. en primeiro lugar comentar que o grao de satisfacción do alumnado do título co labor docente do profesorado é altamente satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.71/5 nas enquisas de avaliación docente do profesorado. Como principais fortalezas do título o alumnado destaca que “os coñecementos, habilidades e actitudes propostas na guía docente son desenvolvidas axeitadamente polo profesor/a” (3.71/5) e que “as actividades desenvolvidas polo profesor/a se adecuaban ao recollido na guía docente” (3.75/5). O ítem peor valorado ten que ver coas metodoloxías vinculadas á resolución de exercicios, estudos de caso ou seminarios, se ben a puntuación acadada é tamén satisfactoria (3.53/5).

É de salientar tamén a mellora do cadro de persoal en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora, observándose en ambos os casos unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores. en concreto, a porcentaxe de docentes que conta con sexenios de investigación aumentou do 36% ao 50%.

Pola contra, o perfil contractual do cadro de persoal docentes que imparte no Grao de Educación Infantil presenta un retroceso e precariedade dende o punto de vista da estabilidade e o seu grao de vinculación coa institución académica. Dos 63 docentes do título só teñen vinculación permanente 24 (38%). O resto do cadro docente a tempo completo está formado por 4 axudantes doutores e 4 contratados doutores interinos e 2 contratados predoutorais. Ademais, a tempo parcial, hai 21 profesores asociados e 8 visitantes. Só o 53,94% do profesorado está contratado a tempo completo.

Non obstante a cualificación e implicación do profesorado é suficiente para manter os estándares na titulación, permitindo alcanzar uns resultados satisfactorios, acorde cos obxectivos do Título. Existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

Os datos rexistrados pola Universidade de Vigo (3 docentes neste curso) sobre a participación do profesorado da titulación en plans de formación non responden á implicación real dos/as docentes en actividades formativas específicas. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente.

Respecto do persoal de Administración e Servizos (PAS), a porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas é en xeral alto, en concreto no curso 2017-2018 ronda o 90%. A satisfacción do alumnado cos Recursos Humanos é aceptable (2.70/5) e a valoración que fan os egresados é similar, 2.81/5.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
•	•

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.1.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua se van adaptando ás necesidades tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e ás características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...), así como ás necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=54; Grupo B=26; Grupos C=13).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como moi satisfactorios por parte do alumnado, ao acadar unha puntuación de 3.85/5 no ítem “penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias”. Na mesma liña, a satisfacción do alumnado coa titulación reflicte puntuacións nun rango de 2.93/5 a 3.30/5, sendo o peor valorado as aulas e o seu equipamento, fronte aos laboratorios, aulas informáticas ou espazos experimentais.

Tamén hai que subliñar que se conta cunha ampla rede de centros educativos para a realización das prácticas curriculares. Neste curso académico os 66 estudantes que realizaron o Prácticum distribuíronse en 46 centros, encontrándose entre 1 e 6 estudantes por centro. O grao de satisfacción mostrada polo alumnado en relación a ‘*utilidade das prácticas académicas externas*’ foi alta, de 3.94/5.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...).

3.1.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES. en concreto, o alumnado valora como satisfactoria a formación adquirida (coñecementos e contidos), outorgando unha puntuación de 3.22 sobre 5. en consonancia co dito anteriormente, a

adquisición de competencias prácticas (capacidade para aplicar as competencias e destrezas adquiridas) amosan unha puntuación lixeiramente inferior (3.05). Os indicadores de resultados: taxa de éxito global (98%) é altamente satisfactoria, así como a puntuación media alcanzada polo alumnado unha vez rematados os seus estudos (7.45).

Diferentes factores poderían explicar a elevada puntuación media das persoas egresadas: alta valoración dos titores externos na materia de Prácticum (48 dos 240 créditos da titulación) e a especialización didáctica dos docentes da facultade en comparación co perfil doutros docentes da Universidade de Vigo. Outro factor a ter en conta pode ser a nota media do alumnado que accede ao título que ten experimentado unha importante melloría nos últimos anos, presentando un rango de puntuacións de 6.64 (maiores de 25 anos) ata 8.58 do alumnado procedente de Ciclo Superior na modalidade de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

Puntos febles detectados:

- Orientación práctica das materias

Accións de mellora a implantar:

- Difundir entre o profesorado esta debilidade e solicitar maior esforzo cara a unha perspectiva máis práctica dos contidos

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.1.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados dos indicadores do programa formativo en relación á satisfacción e rendemento do alumnado poden ser considerados axeitados en base ás puntuacións obtidas. As puntuacións globais nas enquisas de avaliación docente do profesorado reflicten unha puntuación total de 3.65/5. en consonancia co sinalado anteriormente, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación reflicten unha puntuación máis baixa, acadando un valor de 2.97/5.

Dado que os resultados específicos para cada dimensión xa foron analizados nos criterios anteriores, non faremos de novo referencia aos mesmos.

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, alcanzándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. de modo máis concreto, os

datos acadados foron: taxa de rendemento (92%), taxa de abandono (7.69%), taxa de eficiencia (94%), taxa de graduación (75.47%) e taxa de éxito (98%).

Unha análise detallada de cada materia permite concluír que a porcentaxe de éxito é altamente satisfactoria en todas elas, observándose un rango de porcentaxe que vai do 74% ao 100%. en canto á taxa de rendemento a única materia que presenta valores inferiores é o Traballo de Fin de Grao, no que se observa que só un 66% dos matriculados se presentaron para seren avaliados, se ben no 100% dos casos conseguiron superalo. É de sinalar que o valor do 50% que presenta a materia de Lingua estranxeira a través da LIX: francés non é representativa pola baixa taxa de matrícula (3 matriculados/as).

Puntos febles detectados:

- Baixa porcentaxe de alumnado que se presenta á avaliación na materia de TFG (98 presentados; 50 non presentados)

Accións de mellora a implantar:

- Revisión do proceso de avaliación da materia TFG

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
 Taxa de graduación
 Taxa de abandono
 Taxa de eficiencia
 Taxa de rendemento
 Taxa de éxito
 Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

3.2. Seguimento da titulación: Grao en Educación Primaria

3.2.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

O plano de estudos foi implantado de acordo a Memoria Verificada do Grao en Educación Primaria e estase a desenvolver de forma satisfactoria, sen incidencias salientables, posibilitando a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado matriculado.

Máis alá das evidencias dispoñibles recollidas na memoria do título que resaltan o seu interese científico, profesional e académico, a súa progresiva adaptación a lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas de outras Facultades de Educación galegas e españolas. Entre estas accións pódense destacar:

- A participación activa na Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación. Nos últimos anos traballouse nunha proposta de bases sobre a formación e o acceso á profesión docente
- A participación no grupo de traballo organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no que participan as tres Universidades Galegas que elaborou un documento no que se analizaron as competencias profesionais en Galicia coa finalidade de mellorar a calidade formativa do profesorado.
- Asistencia ao foro 'Educar para el siglo XXI. Desafíos y propuestas' sobre a formación docente (Madrid, 6 de novembro), organizado por iniciativa da Ministra de Educación. Neste foro participaron representantes das administracións educativas, facultades de educación, profesorado e sindicatos coa finalidade de xerar un debate e iniciar un proceso de reflexión encamiñado a elaboración dunha proposta para a toma de decisións sobre as necesidades e reformas que precisa a profesión docente.
- A invitación a xestores e profesionais do campo educativo en activo (mestres/as especialistas, inspectores/as, orientadoras/es...) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite o equipo docente coñecer os requirimentos profesionais.
- Seminarios e grupos de traballo realizadas con docentes de outras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para facer fronte as novas esixencias profesionais.
- Contactos informais con egresados que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional
- Realización de consultas as administracións educativas para axustarse as esixencias profesionais para novos graduados

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición mantense no presente curso (80 estudantes para unha oferta de 75), aumentado os índices de ocupación, preferencia e adecuación con respecto ao curso pasado. Tamén se manifesta un aumento da nota media de acceso (8.1) e un claro

aumento da nota mínima de admisión (7.330), datos todos eles que avalan o interese do alumnado polo título.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza, o ítem sobre a *‘organización e desenvolvemento da titulación’* ten unha valoración aceptable: 2.81/sobre 5, tendo as puntuacións máis baixas a *cantidade de prácticas recibidas* (2.5/5). Centrándonos nos resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado (EAD) os ítem referidos a valoración global sobre as materias, planificación e coordinación das mesmas, acadan un resultados global máis satisfactorio: 3.95/5, tendo a *‘importancia das materias para a formación’* unha valoración de 4.13/5, e os *‘créditos asignados e volume de traballo’* (3.89/5). As puntuacións máis baixas corresponden os ítem *‘a cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación’* (2.50) e *‘a orientación académica recibida no plan de acción tutorial’* (2.32/5). A pesar de que o Centro ofrece sesións informativas para a orientación académica e laboral (Prácticum, TFG, prácticas extracurriculares, saídas profesionais, etc.) a asistencia dos estudantes é en xeral escasa e, como xa se reflectiu en anteriores informes de seguimento, as valoracións do alumnado non se corresponde con esforzo realizado por titores/as e coordinadores/as para organizar as devanditas sesións. Parece polo tanto que compre facer algunhas modificacións na estrutura e difusión do PAT de modo que o alumnado sexa máis consciente das ferramentas que o centro lle facilita para súa orientación académica e laboral.

Puntos débiles detectados:

- Orientación prácticas das materias

Accións de mellora a implantar:

- Difundir entre o profesorado esta debilidade e solicitar maior esforzo cara a dotar dunha perspectiva máis práctica os contidos ou de facer ao alumnado consciente da súa aplicabilidade.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.2.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos que dispón Facultade de Ciencias da Educación para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Educación Primaria, é satisfactorio, tal e como se reflicte nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, *bloque 2: información e transparencia* (3.06/5), sobre todo a *accesibilidade de información na web* (3.33/5) e a *utilidade da mesma* (3.05/5). Os ítem peor valorados neste bloque refírense a *información sobre actividades extracurriculares* e a *utilidade da información transmitida por outros soportes* (2.9/5), aspectos que deberán tratar de visibilizarse de xeito máis efectivo.

Analizado este punto a partir das enquisas de avaliación docente (EAD) encontramos puntuacións máis elevadas. Así o ítem: *'A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade'* acada unha puntuación de 4.01 sobre 5. e o alumnado outorga unha puntuación de 3.96 sobre 5 ao ítem: *'A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada'*.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.2.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade acada un valor de 2.95/5. É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade , manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro	

3.2.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación coa adecuación do persoal académico do título, temos que o 51% do equipo docente ten o título de doutor. É de salientar tamén a mellora do cadro de persoal en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora, observándose en ambos os casos unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores. En concreto, a porcentaxe de docentes que conta con sexenios de investigación aumentou do 36% do curso pasado ao 47.37% no presente ano académico.

Pola contra, o perfil contractual do cadro de persoal docentes que imparte no Grao de Educación Primaria presenta, con respecto a cursos anteriores, un retroceso e precariedade dende o punto de vista da estabilidade e o seu grao de vinculación coa institución académica. Dos 57 docentes do título só teñen vinculación permanente 19 (33%). O resto do cadro docente a tempo completo está formado ademais por 3 axudantes doutores e 4 contratados doutores interinos, 3 contratados predoutorais e 2 posdoutorais. Ademais, a tempo parcial, hai 17 profesores asociados e 9 visitantes. Só o 54% do profesorado está contratado a tempo completo.

Non obstante a cualificación e implicación do profesorado é suficiente para manter os estándares na titulación, permitindo alcanzar uns resultados satisfactorios, acorde cos obxectivos do Título. Existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo as características das distintas materias. Cabe destacar como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño Grupo A=55; Grupo B=27; Grupos C=14).

Os datos rexistrados pola Universidade de Vigo (7 docentes neste curso) sobre a participación do profesorado da titulación en plans de formación non responden a implicación real dos/as docentes en actividades formativas específicas. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación

continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente.

O grao de satisfacción do alumnado co labor docente do profesorado é satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.74 sobre 5 nas enquisas de avaliación docente (EAD). Como principais fortalezas do título o alumnado destaca que *‘as actividades desenvolvidas polo profesor/a se adecúan ao recollido na guía docente’* (3.85/5) e que *‘os coñecementos, habilidades e actitudes propostas na guía docente son desenvolvidas axeitadamente polo profesor/a’* (3.77/5). Tamén destaca a valoración positiva dos *‘criterios e sistemas de avaliación’* (3.82/5), a *‘súa aplicación’* (3.77/5) e o *‘nivel de esixencia’* (3.75/5). Os ítem peor valorados teñen que ver coa organización de *‘metodoloxías vinculadas á resolución de exercicios, estudos de caso ou seminarios’* e o *‘traballo autónomo do alumnado’*, se ben a puntuación acadada é tamén satisfactoria (3.5/5).

Respecto do persoal de Administración e servizos (PAS), a porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas e en xeral alto, en concreto no curso 2017 ronda 90%. A satisfacción do alumnado cos Recursos Humanos é aceptable (2.91/5) e a valoración que fan os egresados é similar, 2.92/5

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<p>Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u> I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

3.2.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua vanse adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=55; Grupo B=27; Grupos C=14)

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado (2.92/5) nas enquisas de satisfacción coa titulación, sendo os *‘espazos destinados o traballo autónomo’* os mellor valorados 3.13/5, xunto *‘cos laboratorios, aulas de informática...’*: 3.0/5.

Nas enquisas de EAD o ítem *‘penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias’* é o que alcanza a puntuación máis elevada: 3.75/5.

Tamén hai que subliñar que se conta con unha ampla rede de centros educativos para a realización das prácticas curriculares. Neste curso académico os 61 estudantes que realizaron o Prácticum distribuíronse en 35 centros encontrándose entre 1 e 5 estudantes por centro. O grado de satisfacción mostrada polo alumnado en relación a *‘utilidade das prácticas académicas externas’* foi alta, de 4 puntos sobre 5

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.2.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES. Segundo o análise realizado, a taxa de éxito global do título (97%) tivo un incremento respecto dos cursos pasados situándose por riba do 90% recollido nas metas de calidade do centro. Analizadas por materia, as taxas de éxito están entre o 86 e o 100%, encontrando só 4 materias por debaixo, aínda que moi próximas, das metas de calidade do centro. Do mesmo xeito a cualificación media do alumnado para a titulación e moi satisfactoria, 7.5/10 para o alumnado estándar e próxima ao 7.0/5 para os diplomados procedentes dos cursos ponte.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción, as persoas tituladas mostran unha alta satisfacción coa *‘utilidade das prácticas académicas’* outorgándolle unha puntuación de 4.0/5, mentres que indican menor nivel de satisfacción respecto da *‘actualización dos contidos’* (2.46/5). Para o

alumnado do título a '*valoración media da importancia das materias do plano de estudos para súa formación*' é de 4.13/5.

A valoración da *formación adquirida* (coñecementos e contidos) e a *capacidade para aplicar as competencias e destrezas adquiridas* é satisfactoria tanto para as persoas tituladas (3.00/5 en ambos casos) como para o alumnado do título de 3.0/5 e 3.1/5, respectivamente.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)

E25: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.2.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución de alumnado de novo ingreso continúa sendo positiva, como se deriva da taxa de ocupación (106.7%) e do elevado número de prescricións en 1ª opción (taxa de preferencia de 169.3%). en ambos casos superando claramente as metas de calidade (ver táboas-resumo). Unicamente a taxa de adecuación está un pouco máis baixa 71.25%

Respecto a cursos anteriores subiron as taxas de rendemento, graduación e éxito, mentres que houbo un leve descenso das de eficiencia, posiblemente por unha pequena subida da taxa de abandono. Analizadas por materia, as taxas de éxito sitúanse por encima do 80% e o 100% e as de rendemento entre o 67 e o 100%, encontrándose só 4 materias por debaixo, aínda que moi próximas, das metas de calidade do centro. A duración media dos estudos aumentou nunhas décimas respecto a cursos anteriores pero continúa encontrándose próxima aos catro cursos nos que se estrutura o título.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de graduación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

3.3. Seguimento da titulación: Grao en Educación Social

3.3.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

O programa de estudos, recollido na Memoria Verificada do Grao en Educación Social, foi desenvolvido de forma satisfactoria conforme ao plan de estudos establecido no devandito documento. Non se rexistraron incidencias dignas de mención, o que posibilitou a axeitada adquisición de competencias por parte do alumnado matriculado no Grao en Educación Social.

Máis alá das evidencias dispoñibles, recollidas na Memoria do Título nas que se resalta o seu interese científico, profesional e académico, a súa adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas doutras Facultades de Educación galegas e españolas. Entre estas accións pódense destacar:

- A participación activa na Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación (nas que participan os responsables dos Graos en Educación Social) co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación.
- Na docencia do Grao en Educación Social participan numerosos profesionais coa titulación (Diplomatura ou Grao) en Educación Social que exercen a súa labor profesional como Educadoras/es Sociais en diferentes ámbitos da intervención, o que axuda a recoñecer as demandas de formación deses e doutros ámbitos.
- A invitación a xestores e profesionais do campo socio-educativo en activo (moitos deles titores ou xestores dos centros de Prácticum) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite ao equipo docente coñecer os requirimentos profesionais.
- Seminarios e grupos de traballo realizados con docentes doutras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para facer fronte ás novas esixencias profesionais.
- Contactos informais con egresados que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.
- Relacións fluídas co CEESG (Colexio Oficial de Educadoras e Educadores de Galicia) e con outras organizacións profesionais galegas e estatais, o que permite coñecer as demandas formativas destes colectivos.

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición mantense no presente curso (77 estudantes para unha oferta de 75 prazas), manténdose os índices de ocupación e de preferencia con respecto ao curso pasado. Tamén se manifesta un aumento da nota media de acceso (7.16) dato que avala o interese do alumnado polo título. Para o Grao en Educación Social, no curso 2017-18 a taxa de ocupación foi do 102.67%, a de preferencia foi de 92.00% e a de adecuación foi de 51.95%. en función dos estudos de acceso do alumnado, os colectivos máis numerosos son os estudantes que proceden do Ciclo superior de Integración Social (16) seguidos dos que proceden do Bacharelato LOMCE: Ciencias Sociais (12).

Analizaremos os resultados de dous documentos: da enquisa de *satisfacción do alumnado* coa titulación, e da enquisa de *avaliación docente* do profesorado, non sempre coincidentes nos seus resultados. Comezamos comentando os resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado, dado que achegan información máis pormenorizada, pois as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado refírense a *materias e docentes concretos*. Pola contra, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo e menos específico: o *conxunto da titulación* do Grao en Educación Social. Ademais, a mostra de suxeitos que responden ás enquisas de avaliación docente do profesorado (un total 1980 respostas) é considerablemente máis ampla e representativa do alumnado do Grao en Educación Social que os que responderon á enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (29 participantes, un 19.4% dos 149 convocados).

Centrándonos na análise dos resultados das enquisas de avaliación docente, entre os aspectos da organización, é salientable a valoración media concedida á importancia das materias que conforman o plan de estudos para a formación dos/as futuros/as educadoras/es sociais (ítem 1.1) cunha puntuación de 4.24/5. O alumnado tamén se amosa altamente satisfeito coa proporción entre os créditos asignados ás materias e o seu volume de traballo programado para superalas (ítem 1.2) cun valor medio de 4.11/5.

As enquisas de satisfacción do alumnado coas titulacións amosan resultados tamén adecuados, aínda que inferiores, ao oscilar entre os 2.83 puntos outorgados á satisfacción cos horarios ou o 2.90 á coordinación entre as materias do plan de estudos hasta os 3.07 puntos dados á satisfacción co PAT, os 3.21 da estrutura e organización do plan de estudos ou a puntuación de 3.38 de satisfacción coas prácticas realizadas nas materias.

Polo tanto, ante a baixa satisfacción cos horarios da titulación, parece adecuado que os representantes do alumnado estiveran presentes no momento de elaboración dos horarios para o vindeiro curso, para intentar adecuar (dentro do posible) os horarios ás demandas razoables do alumnado. Tamén sería recomendable instar ao profesorado para que incremente a coordinación entre os contidos impartidos polas diferentes materias.

Puntos débiles detectados:

Baixa satisfacción cos horarios da titulación.

Baixa satisfacción coa coordinación entre as materias.

Accións de mellora a implantar:

1. Convocar aos representantes do alumnado na sesión de elaboración dos horarios para o curso 2019-20.

2. Instar ao profesorado para que mellore a coordinación (con outras materias) dos contidos impartidos.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

3.3.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Social para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo é altamente satisfactorio, tal e como reflicten as puntuacións obtidas nas enquisas de avaliación docente do profesorado. en concreto ao ítem: “A guía docente (o programa) está *dispoñible* e é accesible con facilidade”, asígnanlle unha puntuación de 4.39/5. Así mesmo, o alumnado outórgalle unha puntuación de 4.27 ao ítem: “A guía docente ou programa da materia *recolle os obxectivos*, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada”.

Aínda que algo máis baixas, as puntuacións das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación tamén poden considerarse satisfactorias. en concreto, as puntuacións obtidas foron son as seguintes: un 3.62 para a *accesibilidade* da información sobre a titulación publicada na web; un 3.54 para a *utilidade* da información sobre a titulación publicada na web; e de un 3.15 para a *utilidade* da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...).

Dentro desta enquisa de satisfacción do alumnado, destaca a puntuación no ítem 10 “A información sobre as actividades extraescolares (actividades culturais, deportivas, sociais, ...), que só acadou unha puntuación de 2.66/5. Aínda que se recoñece que a información sobre eses temas non é responsabilidade directa da Facultade, formúlase unha acción de mellora a implantar no presente curso, pola que se optimice a distribución deste tipo de información dende a Facultade.

Puntos febles detectados:

Baixa satisfacción do alumnado coa información sobre actividades extraescolares.

Accións de mellora a implantar:

Incrementar, dende a Facultade e a Coordinación do Grao, a información sobre actividades extraescolares.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.3.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema e os Protocolos de calidade son xerais para todo o centro, polo que a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación.

Dito isto, dispomos dun dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción coas “canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)”. A puntuación acadada neste ítem foi baixa (2.68), o que moi posiblemente, pode deberse á escasa representación do alumnado do Grao en Educación Social en moitos dos diferentes órganos de goberno e comisións da Facultade e da Titulación.

É de salientar que dende a Facultade, se ten feito un esforzo para que a Comisión de Garantía de Calidade teña acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral. Así mesmo, o alumnado fai uso do mecanismo de QSP para expresar (sobre todo) as súas queixas.

A pesar disto, comunicáraselle especialmente ao alumnado da titulación de Educación Social as convocatorias para a elección de representantes nos diferentes órganos e comisións de goberno da Facultade, animándoos a presentar candidatos ás eleccións.

Puntos febles detectados:

Poucos representantes da Titulación nas Comisións de goberno da Facultade.

Accións de mellora a implantar:

Informar ao alumnado das convocatorias electorais da Facultade e animalos para que participen nelas presentando candidaturas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.3.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este criterio require unha aproximación dende varias perspectivas diferentes: a satisfacción do alumnado coa labor do PAS e do profesorado; as limitadas melloras no cadro de persoal docente na titulación; e a cualificación dos docentes e do PAS do título.

En canto ao primeiro punto (referido á *satisfacción do alumnado*), consideramos salientable que o grao de “satisfacción xeral do alumnado do título co labor docente do profesorado” é altamente satisfactorio, acadando unha puntuación de 4.04/5 nas enquisas de avaliación docente do profesorado. Como principais fortalezas do profesorado do título, o alumnado destaca que “as actividades desenvolvidas polo profesorado se adecúan ao recollido na guía docente” (4.12/5), que “os coñecementos, habilidades e actitudes propostas na guía docente son desenvolvidas axeitadamente polo profesor/a” (4.05/5) e que “contribúen a acadar os obxectivos formulados na materia” (4.04/5).

A valoración dada polo alumnado á atención persoal do PAS na enquisa de satisfacción do alumnado coas titulacións é boa, obtendo unha puntuación de 3.55/5.

En segundo lugar (respecto ás *melloras no cadro de persoal*, en concreto, o PDI) hai que recoñecer que o perfil contractual do cadro de PDI que imparte docencia no Grao de Educación Social non avanzou apenas nos últimos dous cursos respecto á situación existente no curso 2015/2016: o profesorado a tempo completo e o de vinculación permanente apenas se incrementou nestes cursos, representando baixas porcentaxes do total de docentes do Grao. O profesorado a tempo completo (16) representa só o 36% do total dos docentes deste Grao (44), mentres que o de vinculación permanente (12) só representa o 27% do total.

En terceiro lugar (respecto á *cualificación do PDI e PAS* do título) sinálase o seguinte. A pesar do indicado anteriormente, a cualificación e a implicación do profesorado con docencia no Grao en Educación Social son as apropiadas para acadar os estándares esperados na titulación, permitindo lograr uns resultados satisfactorios, acordes cos obxectivos do Título.

O 61% do profesorado acadou o grao de Doutor/a. Ademais, unha boa parte de docentes teñen formación en Educación Social (Diplomatura ou Grao) e/ou tamén teñen experiencia laboral como educadoras/es sociais en diferentes ámbitos da intervención. Todo isto da lugar a unha investigación e unha docencia enfocadas máis claramente cara a Educación Social.

Neste mesmo sentido, tamén han de salientarse as melloras do cadro de persoal PDI en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora: en ambos casos produciuse unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores. en concreto, a porcentaxe de docentes que conta con *sexenios* de investigación aumentou dende o 30.77 no curso 2015/2016 ao 41.38% no curso 2016/2017, subindo ate un 75% no curso 2017/2018.

Respecto do Persoal de Administración es Servizos (PAS) de apoio no Centro, a porcentaxe da súa participación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas é moi alto: no curso 2017/2018 acadou o 90.43% do total.

Por outra parte, existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que

permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

No centro cóntase ademais cun programa específico de *formación continua do profesorado* que, xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade, ofrecen oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente.

Finalmente, cabe destacar tamén como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño do Grupo A=62.50; tamaño do Grupo B=19.65).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.3.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense conta con recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa. Ademais, de forma continua véñense adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=62; Grupo B=19).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como moi satisfactorios por parte do alumnado, ao acadar unha puntuación global de 4.07/5 no ítem “penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a

docencia desta materia son satisfactorias”. Esta satisfacción é similar para as clases teóricas (4.07/5) e para as prácticas, laboratorios e talleres (4.06/5).

Na mesma liña, sitúanse os datos referidos á satisfacción do alumnado coa titulación. Así, amosan unha satisfacción global de 3.45/5 no bloque 5 de Recursos Materiais e servizos, que se detalla do seguinte modo: unha satisfacción de 3.62 coa plataforma de teledocencia; unha puntuación de 3.46 para os espazos destinados ao traballo autónomo (ex., biblioteca) e o seu equipamento; un valor de 3.41 para as aulas e o seu equipamento; e un 3.31 para laboratorios e aulas de informática e o seu equipamento.

Tamén hai que subliñar que se conta con unha ampla rede de institucións para a realización das prácticas curriculares (Prácticum I de 12 ECTS e Prácticum II de 18 ECTS), institucións coas que a Universidade establece os correspondentes convenios. Esas institucións están situadas nas catro provincias galegas, en especial nas de Pontevedra e Ourense (provincias de orixe da maioría do alumnado da titulación de Educación Social) e abarcan tódolos ámbitos de intervención da Educación Social, tanto os tradicionais como os emerxentes.

No curso 2017/2018, foron numerosos os centros e institucións nas que as/os estudantes realizaron as súas Prácticas externas curriculares. Na maioría desas institucións (20) só fixo as prácticas un/unha alumno/a por institución; outras 9 institucións recibiron (cada unha delas) 2 estudantes; outras 2 institucións recibiron (cada unha) 4 estudantes.

Finalmente (como xa se indicou no criterio anterior) o tamaño medio dos grupos de docencia foi de 62.50 para os Grupos A, e de 19.65 para os Grupos B.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.3.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES.

Por outra parte, o alumnado valora como satisfactorios os resultados da aprendizaxe (bloque 6 da enquisa de satisfacción), dándolle unha valoración global de 3.37/5, Esta puntuación global concrétese nunha valoración de 3.39 da súa capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas no Grao, e nunha valoración de 3.3.4 da formación adquirida coa titulación.

Os indicadores de resultados son os seguintes: a taxa de éxito global é altamente satisfactoria (97%), oscilando as distintas materias entre o 94% e o 100%; tamén é satisfactoria a duración media dos estudos (4.32 anos) e a nota media ao final da carreira (7.78).

Diferentes factores poderían explicar as elevadas puntuacións indicadas (taxas e media final das persoas egresadas). Algunhas delas expóñense de seguido. Unha causa pode deberse á elevada valoración (por parte dos titores externos) na materia de Prácticum I e II (con 30 ECTS dos 240 do Grao), o que condiciona de xeito decisivo a nota final acadada polos estudantes nesta materia e a media do expediente. Outra posible causa da taxa de éxito podería deberse ao peso que a avaliación continua e os traballos teñen para a nota final das materias: deste xeito, resulta máis alcanzable obter unha avaliación final positiva que cando a nota depende só (ou na súa gran maioría) do exame final.

Hai, sen embargo, unha materia que merece unha análise máis detallada, a do Traballo de Fin de Grado (TFG). Dous datos convén resaltar: a taxa de éxito do curso 2017/2018 foi do 100%, o que nos indica que o curso pasado aprobaron as/os 71 alumnas/os que presentaron o seu TFG; sen embargo, houbo 43 estudantes matriculados do TFG que, finalmente, non se presentaron en ningunha das catro convocatorias que lles ofreceu a Facultade ao longo do citado curso. A superación desta materia (de 12 ECTS) está dificultándolle a moito alumnado a obtención do seu título. Polo tanto, considérase necesario levar a cabo un proceso de reflexión que desemboque nun cambio na forma de elaboración e de avaliación do TFG, aproveitando o cambio na normativa ao respecto levado a cabo na Universidade de Vigo.

Puntos febles detectados:

Alta porcentaxe de alumnado que non presenta o TFG téndose matriculado del.

Accións de mellora a implantar:

Reflexión, entre o profesorado da titulación e da Facultade, que se concrete nunha modificación no proceso de elaboración e avaliación da materia de TFG.

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas.

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia).

3.3.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados dos indicadores do programa formativo en relación á satisfacción e rendemento do alumnado poden ser considerados axeitados en base ás puntuacións obtidas.

A puntuación TOTAL final das enquisas de avaliación docente do profesorado reflicten unha puntuación de 4.00/5. en consonancia co sinalado anteriormente, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación reflicten unha puntuación algo máis baixa (3.22), aínda que esta se pode considerar aceptable.

Dado que os resultados específicos para cada dimensión xa foron analizados nos criterios anteriores, non faremos de novo referencia aos mesmos.

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, alcanzándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. de modo máis concreto, os datos acadados foron: taxa de abandono (7.81%); taxa de eficiencia (95%) e taxa de graduación (56.16%); taxa global de éxito de 97%, oscilando as distintas materias entre o 94% e o 100%; taxa global de rendemento do 90%, con valores por materias entre o 62% do TFG (xa comentado no Criterio 6) e o 100% acadado en varias materias.

En canto á evolución destes índices, ao longo dos tres últimos cursos as taxas de rendemento mantéñense arredor do 90%, as de eficiencia en torno ao 95%, e as de éxito próximas ao 97%. As taxas de graduación non foron uniformes nos tres anos, oscilando entre o 70.49% no curso 2016/2017 e o 56.16% do curso 2017/2018. As taxas de abandono descendieron dende o 18.52% no curso 2015/2016 a un 12.33% no 2016/2017, ate un 9.5% no curso 2017/2018.

Como xa se indicou no Criterio 6, a duración media da carreira para o alumnado do Grao en Educación Social que rematou os seus estudos no curso 2017/2018 foi de 4.32 anos e a súa nota media foi de 7.78.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
 Taxa de graduación
 Taxa de abandono
 Taxa de eficiencia
 Taxa de rendemento
 Taxa de éxito
 Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

3.4. Seguimento da titulación: Grao en Traballo Social

3.4.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

O plano de estudos estase a desenvolver de xeito satisfactorio conforme ao establecido na memoria de solicitude de verificación do Título de Grao en Traballo social.

Non existen incidencias salientables e a organización e desenvolvemento do programa formativo está a posibilitar a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado.

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición ten aumentado considerablemente situándose en 78 (fronte a 60 e 68 nos dous cursos sucesivamente anteriores). O índice de ocupación e preferencia mantense en bos niveis e moi por riba do 80% establecido como meta de calidade. O índice de ocupación descendeu lixeiramente neste curso (65,38 %) con respecto ao anterior (75,31%) por baixo do 80 % marcado como meta de calidade. Así mesmo obsérvase un lixeiro aumento, tanto da nota media de acceso (6,9) como da nota mínima de admisión (5,53) datos que avalan o interese do alumnado e o aumento da matrícula de novo ingreso.

A participación do alumnado nas enquisas de avaliación incrementouse ata o 43,32 % (situábase en 27,47% no curso 2015/2016), probablemente froito do esforzo realizado en difusión/concienciación nos dous últimos cursos. A análise dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza revela cifras moderadamente satisfactorias. Se ben o ítem sobre a '*organización e desenvolvemento da titulación*' descendeu na súa valoración por parte do estudiantado (2,43) este mesmo indicador na valoración por parte das persoas tituladas incrementouse a (3,59). Centrándonos nos resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado da titulación (EAD) os ítem referidos a valoración global sobre as materias, planificación e coordinación das mesmas, acadan un resultados globais satisfactorios, en todos os ítem superiores a 3,8/5. Ademais, é salientable que no conxunto do título, as puntuacións xerais seguen unha tendencia de valoración crecente de primeiro a cuarto curso. A pesar de que o Centro ofrece sesións informativas para a orientación académica e laboral (prácticum, TFG, prácticas extracurriculares, saídas profesionais, etc.) a asistencia dos estudantes é en xeral escasa e, como xa se reflectiu en anteriores informes de seguimento, as valoracións do alumnado non se corresponde co esforzo realizado por titores/as e coordinadores/as para organizar as devanditas sesións. Parece polo tanto que compre facer algunhas modificacións na estrutura e difusión do PAT de modo que o alumnado sexa máis consciente das ferramentas que o centro lle facilita para súa orientación académica e laboral.

Máis alá das evidencias dispoñibles recollidas na memoria do título que resaltan o seu interese científico, profesional e académico, a súa progresiva adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas de outras Facultades que ofertan o título de Grao en Traballo social no Estado español. Entre estas accións pódense destacar:

- A participación activa na Conferencia de Decanas/os de Directoras/es de Traballo social co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto entre as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de Traballo social. Nos últimos anos traballouse en Estándares de calidade do prácticum e do TFG que foron incorporados en boa parte na nosa titulación.

<ul style="list-style-type: none">- Convenio e cooperación estreita co Colexio oficial de Traballo social de Galicia (http://www.traballosocial.org) para a análise da situación profesional e realización de actividades de maneira conxunta. Entre elas, con carácter anual ofrécese un seminario de formación sobre saídas profesionais e colexiais dos futuros egresados. Ademais conta cun Punto de Información colexial sobre actividades formativas, información colexial, no cuarto andar da propia Facultade, próximo ás aulas onde se imparten as clases do título- A continuada invitación a profesionais, entidades públicas, privadas e do terceiro sector do campo do traballo social, que ademais de permitir un achegamento da realidade social á facultade, permiten dar a coñecer e orientar ao alumnado sobre os distintos ámbitos e saídas profesionais do Traballo social, así como manter unha relación continuada entre co equipo docente e xestor.- Contactos informais con egresados que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional	
Puntos débiles detectados: Baixa satisfacción cos horarios da titulación.	Accións de mellora a implantar: Implicar aos representantes do alumnado na sesión de elaboración dos horarios para o curso 2019-20.
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación	

3.4.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a Facultade de Ciencias da Educación para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, ten sido obxecto de mellora continuada nos últimos cursos académicos. A guía docente (ou programa) da materia está dispoñible e é accesible con facilidade. Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado no *bloque 2: información e transparencia reciben unha puntuación de 2,77/5, a accesibilidade de información na web (2,93/5) e a utilidade da mesma (3,02/5).*

Hai que destacar que a este respecto os ítem mellor valorados por parte do alumnado son a utilidade da información sobre a titulación publicada na web (3,18/5) e a accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (3,15/5). Ademais, entre as persoas tituladas a accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da universidade é valorada cun elevado 4,25/5, mentres que a utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da universidade valórase con 4/5. Os ítem peor valorados polo alumnado neste bloque refírense a *información sobre actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, xerais...)* 2,35/5), aspectos que deberán tratar de visibilizarse de xeito máis efectivo.

Analizado este punto a partir das enquisas de avaliación docente (EAD) encontramos puntuacións elevadas. Así o ítem: *'A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade'* acadou unha puntuación de 4,21 sobre 5. O alumnado outorga unha puntuación de 4,01 sobre 5 ao ítem: *'A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada'*.

Por último, cómpre sinalar que o Grao de Traballo social dispón dunha páxina en Facebook que serve de difusión de comunicación inmediata co conxunto do alumnado, egresados, profesionais e institucións colaboradoras.

Puntos febles detectados:

Baixa satisfacción do alumnado coa información sobre actividades extraescolares.

Accións de mellora a implantar:

Incrementar, dende a Facultade e a Coordinación do Grao, a información sobre actividades extraescolares.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.4.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade no caso do Grao de Traballo social acadou un valor de 1,95/5. As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación, é valorado con 2,10/5 resultando un epígrafe con puntuación baixa. Este dato non parece corresponder coa participación nas distintas comisións da Facultade. É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade , manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro	

3.4.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar:4O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación coa adecuación do persoal académico do título, atopámonos con que o 50 % do equipo docente ten o título de doutor. Mantense na titulación un elevado número de persoal a tempo parcial (17 asociados) que acada un número moi similar ao do persoal a tempo completo (1 catedrático, 5 titulares, 1 titular de escola, 6 contratados doutores, 3 axudantes doutores, 1 axudante) ademais de 1 PI/V, 1 predoutoral UVigo e 1 contratado FPU. Se ben nos últimos anos se teñen ido incrementando os tempos completos de xeito paulatino, segue a ser un aspecto a seguir mellorando a estabilización do persoal. É de salientar tamén a mellora do cadro de persoal en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora producido no curso anterior (á espera de ser publicados os datos do curso de análise deste informe por parte da UAP).

Os datos rexistrados pola Universidade de Vigo (3 docentes neste curso) sobre a participación do profesorado da titulación en plans de formación non responden a implicación real dos/as docentes en actividades formativas específicas. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente.

O grao de satisfacción do alumnado co labor docente do profesorado é bastante satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.95 sobre 5 nas enquisas de avaliación docente (EAD), e ademais este supón un lixeiro incremento en relación a cursos anteriores. Pola súa banda, os egresados valoran cun 3,57 a calidade docente do profesorado mentres que a calidade docente do profesorado é un dos epígrafes mellor valorados con 4/5.

Respecto do persoal de Administración e servizos (PAS), a porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas e en xeral alto, en concreto no curso 2017 é de 90,43% no conxunto da Facultade. A satisfacción do alumnado coa atención do persoal de administración e servizos é de 2.47/5 mentres que a valoración dos egresados é lixeiramente superior 2.78/5. A satisfacción dos egresados coa cualificación do persoal de administración e servizos valórase con 3,38/5.

A media de alumnos por grupo de docencia incrementouse lixeiramente con respecto ao curso anterior: grupos A 54,40; grupos B: 27,20; e grupos C 13,10. Isto pode ser debido ao incremento da matrícula rexistrado e xa comentado anteriormente.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.4.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función

da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua vaise adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado.

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado (2.76/5) nas enquisas de satisfacción coa titulación.

Entre os egresados, a satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles é valorada con 3,13/5.

No caso desta titulación o prácticum ten sido unha das materias mellor valoradas e conta cunha considerable traxectoria e unha rede de institucións e centros colaboradoras do ámbito público, privado e do terceiro sector que abrangue distintos ámbitos que permiten unha ampla escolla ao estudiantado para a realización das prácticas curriculares (servizos sociais comunitarios e especializados (infancia, maiores, xuventude...), saúde, penitenciarías, organizacións non gobernamentais...) Neste curso académico os 41 estudantes que realizaron o prácticum distribuíronse en 36 centros/Institucións polo que na súa maior parte foi un rateo de 1 estudante por centro, sempre priorizando a escolla de

destino por eles propios entre as posibilidades que se lles oferta desde a propia coordinación do prácticum.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.4.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES. Segundo a análise realizada, a taxa de éxito global do título (92%) tivo un incremento respecto dos cursos pasados situándose por riba do 90% recollido nas metas de calidade do centro. Analizadas por materia, as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro. Unicamente 7 materias atópanse por debaixo desta franxa, pero con valores comprendidos entre o 72% e o 84%.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción, as persoas tituladas mostran unha alta satisfacción coa '*utilidade das prácticas académicas*' outorgándolle unha puntuación de 4.0/5, mentres que indican menor nivel de satisfacción respecto da '*actualización dos contidos*' (2.46/5). Para o alumnado do título a '*valoración media da importancia das materias do plano de estudos para súa formación*' é de 4.13/5.

A valoración da *formación adquirida* (coñecementos e contidos) é satisfactoria tanto para o alumnado (3,31/5) como para as persoas tituladas (4/5) resultando en ámbolos casos un dos ítem mellor valorados.

Puntos febles detectados:

Alta porcentaxe de alumnado que non presenta o TFG téndose matriculado del.

Accións de mellora a implantar:

Reflexión, entre o profesorado da titulación e da Facultade, que se concrete nunha modificación no proceso de elaboración e avaliación da materia de TFG.

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.4.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución de alumnado de novo ingreso continúa sendo moi positiva, como se deriva da taxa de ocupación (104%). Existe un considerable número de prescricións en 1º opción 88%, que aínda sendo menos que en anos anteriores mantense por riba da meta de calidade da facultade. A taxa de adecuación pola súa parte é do 65, 38 % en tendencia descendente con respecto aos dous cursos anteriores e por baixo do 80% marcado como meta de calidade.

A taxa de rendemento (86%) incrementouse con respecto a anos anteriores. Tamén se incrementaron as taxas de eficiencia (94%) e de éxito (92%). Tanto rendemento, eficiencia e éxito mantéñense por riba das metas de calidade do centro. A taxa de abandono reduciuse ao 14, 52 %, aínda que tamén se reduciu notablemente a taxa de graduación ao 53,85 % (con todo lixeiramente por riba do 50% establecido como meta de calidade). Este descenso da taxa de graduación quizais poida ser debido ao tapón que vén supoñendo a realización do TFG para parte do alumnado.

Analizadas por materia, as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro. As taxas de rendemento atópanse entre de rendemento entre o 65 e o 100%, encontrándose 8 materias por debaixo do 80% establecido como meta de calidade no centro. Neste sentido destaca a escasa taxa de rendemento do TFG (52%).

A duración media dos estudos (4,51) descendeu nunhas décimas respecto a cursos anteriores e continúa encontrándose próxima aos catro cursos nos que se estrutura o título.

Puntos febles detectados:

- Baixa taxa de rendemento da materia TFG

Accións de mellora a implantar:.

- Reflexionar sobre medidas para mellorar a avaliación e a taxa de rendemento de TFG, e no seu caso implementalas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
 Taxa de graduación
 Taxa de abandono
 Taxa de eficiencia
 Taxa de rendemento
 Taxa de éxito
 Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-DO: Duración media dos estudos

3.5. Seguimento da titulación: Máster en Dificultades

3.5.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O plan de estudos foi implantado de acordo á Memoria Verificada no 2009. No ano 2015 renovouse á acreditación do título universitario oficial do Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos e solicitouse unha modificación do plan de estudos para axustar o número de prazas de novo ingreso ofertadas así como certos aspectos que non se axustaban ao funcionamento actual da titulación. O plan de estudos estase a desenvolver de acordo coa descrición e compromisos recollidos na memoria do título na que se resalta o seu interese científico, profesional e académico, a súa progresiva adaptación a lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades detectadas e coherentes coas propostas de outras Facultades de Educación galegas e españolas. Participouse nos seguintes foros:

-Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación no que se crea un debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación.

-Participación no grupo de traballo organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no que participan as tres Universidades Galegas que elaborou un documento no que se analizaron as competencias profesionais en Galicia coa finalidade de mellorar a calidade formativa do profesorado.

-‘Educar para el siglo XXI. Desafíos y propuestas’ sobre a formación docente (Madrid, 6 de novembro), organizado por iniciativa da Ministra de Educación. Neste foro participaron representantes das administracións educativas, facultades de educación, profesorado e sindicatos coa finalidade de xerar un debate e iniciar un proceso de reflexión encamiñado a elaboración dunha proposta para a toma de decisións sobre as necesidades e reformas que precisa a profesión docente.

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición é favorable, supera a meta do centro. O índice de ocupación pasa do 88% ao 100%. Carecemos de datos sobre o índice de preferencia e adecuación. A maioría dos estudantes son Graduados (21), un procede dunha licenciatura, dous dunha diplomatura e un de estudos realizou no estranxeiro. A nota media de acceso é de 8,27, situándose bastante por riba da meta (6-7), así como da nota mínima esixida (6). Ademais, é moi superior á do curso 2016/2017 (6,14). Todo isto lévanos a valorar de forma moi positiva o número e perfil do alumnado de novo ingreso.

Con respecto aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza, o ítem sobre a ‘organización e desenvolvemento da titulación’ ten unha valoración aceptable: 3.01/sobre 5. As puntuacións máis baixas neste apartado corresponden a *cantidade de prácticas recibidas* (2.41/5); *‘a orientación académica recibida no plan de acción tutorial’* (2.79/5), e *‘a coordinación entre as materias do plan de estudos’* (2.82/5).

Tanto dende o Centro como dende o a coordinación do Máster ofrécense sesións informativas para a orientación académica e laboral (programa de doutoramento, saídas profesionais, convocatoria de bolsas, prazas, emprego) ou se lle facilita moita información a través do Espazo Común de alumnado da Plataforma FaiTIC. Sen embargo as valoracións do alumnado non se corresponde con esforzo realizado para organizar as devanditas sesión e dar difusión a información que se lle remite. Parece polo tanto que compre facer algunhas modificacións na estrutura e difusión do PAT de modo que o alumnado sexa máis consciente das ferramentas que o centro lle facilita para súa orientación académica e laboral.

O índice global de satisfacción do alumnado coa titulación (3,33) supera a meta do centro e mellorou un pouco respecto ao curso 2016/2017. A porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción é a máis alta da facultade, acadando case o 50%.

Canto aos resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado (EAD) os ítem referidos a valoración global sobre as materias, planificación e coordinación das mesmas, acadan un resultados global máis satisfactorio: 4.02/5, tendo a '*importancia das materias para a formación*' unha valoración de 4.17/5, e os '*créditos asignados e volume de traballo*' (3.94/5).

Puntos débiles detectados:

- A orientación práctica das materias
- A orientación recibida no PAT
- A coordinación entre as materias

Accións de mellora a implantar:

- Reflexión sobre as actividades do PAT e actualización de ser necesario.
- Solicitar ao claustro docente unha perspectiva máis práctica das materias e mellorar a coordinación docente.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica / Comisión de Titulación / Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

3.5.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados acadados no bloque 2 das enquisas de satisfacción do alumnado indican unha valoración positiva dos mecanismos de comunicación do título, tal e como se reflicte nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, *bloque 2: información e transparencia* (3.32/5), sobre todo a *accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web* (3.69/5), a *utilidade da mesma* (3.41/5), e a *utilidade da información transmitida por outros soportes* (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...) (3.31/5). O ítem peor valorado neste bloque refírese a información sobre actividades extracurriculares (2.88/5), aspectos que deberán tratar de visibilizarse de xeito máis efectivo.

Analizado este punto a partir das enquisas de avaliación docente (EAD) encontramos puntuacións máis elevadas. Así o ítem: *'A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade'* acadou unha puntuación de 4.07 sobre 5, e o alumnado outorga unha puntuación de 4.02 sobre 5 ao ítem: *'A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada'*.

No caso das persoas tituladas, a *valoración do portal da Universidade* non é tan satisfactoria tanto no referente a *accesibilidade da información* (2.75/5), como a *súa utilidade* (2/5).

Cómpre ter en conta que no caso das persoas tituladas o nivel de participación é moi baixo, pois só contestaron a enquisa o 25% do total. Polo tanto, os resultados acadados con respecto a este grupo de interese débense analizar con precaución, tendo en conta esta casuística.

Puntos febles detectados:

- Baixa participación nas enquisas de satisfacción por parte das persoas tituladas e baixos resultados.

Accións de mellora a implantar:

- Reflexión sobre posibles medidas para mellorar a comunicación coas persoas tituladas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.5.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

No curso 2017/2018 mantéñense os obxectivos e metas de calidade do centro, excepto a obtención da certificación do sistema de calidade que xa se acadou o 28/07/2017. Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para todas as titulacións da facultade. O único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado coa satisfacción do sistema de garantía de calidade e o referido *as canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)* que recibe unha valoración de 3.06/5. É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.5.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O cadro docente do Máster está formado por docentes e investigadores especialistas nas dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos, das Universidades de Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, León, Oviedo, Complutense de Madrid, Minho e Évora.

Pasando agora á análise da cualificación do PDI, con respecto ao curso anterior, no 2017/2018 se mantén 1 docente na categoría de Catedrático, diminúe a categoría de titular universitario en unha persoa debido a un falecemento (5), se incrementa 1 persoa na categoría de Contratado Doutor (3) e diminúe outra na de

axudante doutor (1). Todos os docentes da Universidade de Vigo que imparten neste título están contratados a tempo completo e o 90% ten vinculación permanente.

Dos 14 docentes externos do Máster, 3 son estranxeiros, 8 son Catedráticos e teñen de media máis de 3 sexenios de investigación. Obsérvase unha mellora significativa, respecto ao curso anterior, na porcentaxe de docentes da Universidade de Vigo que conta con sexenios de investigación pasando de 20.83% no curso 2016/2017 a 44,44% no curso 2017/2018. O 100% do equipo docente ten o título de doutor. A adecuación do persoal académico do máster é avalada pola ampla experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes, polo desempeño profesional académico externo e os cargos desempeñados, teses dirixidas, índice de impacto das publicacións, recoñecementos ao labor docente e investigador. Unha consulta detallada deste méritos atópase no seguinte enlace: <http://masteraprendizaje.webs.uvigo.es/profesorado.htm>

A cualificación e implicación do profesorado contribúe a alcanzar uns resultados satisfactorios, acorde cos obxectivos do título. Existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo as características das distintas materias. Cabe destacar como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño Grupo A=22).

Segundo os datos rexistrados, 4 dos 10 docentes da Universidade de Vigo participaron en programas de formación continua. Este datos que parecen reflexar unha baixa participación non se corresponde coa realidade, pois Unidata só recolle rexistros da plataforma de Bubela, o que deixa fóra outras opcións formativas do profesorado. Tampouco se recollen os datos dos docentes externos do máster. No centro cóntase ademais cun programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente.

Non se dispón de datos sobre a participación do profesorado en programas de mobilidade nin no programa DOCENTIA.

O grao de satisfacción do alumnado coa labor docente do profesorado é alto, acadando unha puntuación de 4 sobre 5 nas enquisas de avaliación docente (EAD). A porcentaxe de participación é do 99.77%. Como principais fortalezas do título o alumnado destaca ‘a preparación das actividades teóricas e tarefas’ (3.91/5), ‘a resolución de dúbidas (clases, titorías, plataformas)’ (3.92/5). Tamén destaca a valoración positiva dos ‘criterios e sistemas de avaliación’ (3.9/5), a ‘súa aplicación’ (3.9/5) e o ‘nivel de esixencia’ (3.85/5).

A valoración da *cualificación do profesorado* polos egresados tamén é satisfactoria (3,5/5).

Con respecto á participación en programas de formación, no caso do Persoal de Administración e Servizos (PAS) e persoal de apoio ao centro, é moi alta no curso 2017/2018 (90.43%).

O grado de satisfacción do alumnado coa *atención do persoal de administración e servizos* centro Recursos Humanos é alto (3.88/5) e a valoración que fan os egresados é aceptable, *cualificación do persoal de administración e servizos* (3/5); *xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título* (2,25/5).

Puntos febles detectados

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.5.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta con recursos materiais e dixitais de última xeración, froito do esforzo dos últimos anos por mellorar o equipamento dos laboratorios, electrificar as aulas e renovar o equipamento informático. Nas Xuntas de Centro, Comisión de Calidade e Comisión Permanente, Comisión Académica do Máster revisase de forma periódica as necesidades existentes e son tidas en conta anualmente nas accións de mellora. Consideramos que o título dispón de recursos materiais e servizos que permiten o desenvolvemento adecuado da actividade formativa.

Nas enquisas de satisfacción correspondentes ao alumnado, o bloque relativo aos recursos materiais e servizos acadá puntuacións altas nos diferentes ítem. Os estudantes valoran positivamente “*as aulas e o seu equipamento*” (3,82/5), ‘*os laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais, así como polo seu equipamento*’ (4,06/5), ‘*os espazos destinados o traballo autónomo*’ (3,94/5).

Nas enquisas de EAD o ítem ‘*penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias*’ alcanza a puntuación de 3,9/5.

No caso das persoas tituladas, o resultado acadado neste bloque tamén é positivo: ‘*infraestruturas e os materiais dispoñibles*’ (3,5/5), ‘*Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)*’ (3,25/5).

Polo tanto, podemos afirmar que as infraestruturas, materiais, recursos e servizos son do agrado dos discentes, tanto dos xa titulados como dos que aínda están a cursar o máster.

Este centro conta con unha ampla rede de centros educativos para a realización das prácticas curriculares, pero este máster non inclúe prácticas no seu plan de estudos, polo que loxicamente non ten sentido analizar o grado de satisfacción sobre as mesmas.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.5.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios e coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES. A taxa de éxito do título é 98%, supera a meta do centro.

Pasando a analizar os resultados por materia, as taxas de éxito son en 9 materias do 100%, nas 8 restantes as taxas de éxito son superiores ao 92%, o que indica que case todos os estudantes superaron as materias ás que se presentaron. As taxas de avaliación e rendemento por materia son igualmente satisfactorias, oscilan entre o 92% e o 100%. en cursos anteriores a materia do TFM tiña unha taxa inferior, pero no curso é do 100%.

A cualificación media do alumnado da titulación no curso 2017/2018 e moi satisfactoria, 8.78/10.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción, as persoas tituladas valoran positivamente ‘a formación adquirida’ outorgándolle unha puntuación de 3.25/5 e ‘a utilidade da formación recibida para a carreira profesional’ 3/5. Algo inferior é a valoración dos estudantes da titulación, a súa puntuación neste bloque é 2,94/5. Sen embargo, nas enquisas de EAD os estudantes consideran que a titulación é importante para a súa formación 4.17/5.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.5.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de estudantes de novo ingreso aumentou con respecto a cursos anteriores (25 estudantes “curso 2017/2018”, 22 “curso 2016/2017”, 23 “curso 2015/2016”. A taxa de ocupación é do 100%.

As taxas de rendemento (92%), gradación (90,91%) e eficiencia (97%), ao igual que a taxa de ocupación superan en todos os casos as metas de calidade establecidas polo centro.

Pasando a analizar os resultados por materia, as taxas de avaliación e rendemento por materia son igualmente satisfactorias, oscilan entre o 92% e o 100%. en cursos anteriores a materia do TFM tiña taxas inferiores, pero no curso avaliado melloran considerablemente: rendemento (80%), avaliación (80%). Destaca positivamente a taxa de abandono, pois é nula, e a de gradación, que supera en máis de 40 puntos a meta, acadando un 90,91%.

A cualificación media do alumnado da titulación no curso 2017/2018 e moi satisfactoria, 8.78/10.

Por outra parte, a duración media dos estudos tamén ofrece un resultado moi positivo, pois sitúase en 1,16, cando o curso anterior (2016/2017) supuña case o dobre (2,13), polo que valoramos este cambio como unha progresión importante que esperamos manter de cara ao futuro.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I2: Evolución dos indicadores de resultados
 - Ø Taxa de graduación
 - Ø Taxa de abandono
 - Ø Taxa de eficiencia
 - Ø Taxa de rendemento
 - Ø Taxa de éxito
 - Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I4/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-DO: Duración media dos estudos

3.6. Seguimento da titulación: Máster en Diversidade

3.6.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A matrícula de novo ingreso mantense estable nos últimos cursos e só baixou nun discente no que corresponde ao 2017/2018, curso no que a taxa de ocupación acadou o 100%. Canto ao perfil deste alumnado a distribución é semellante á dos cursos anteriores, coa excepción de que neste non hai ningún alumno que ingresase a través da validación de estudos estranxeiros (no curso anterior foron dous, e no 2015/2016 un). Con respecto á nota mínima de acceso, esta ascendeu considerablemente, subindo claramente no curso 2017/2018 respecto aos anteriores cursos, o que amosa ser un máster máis competitivo para o alumnado. Ademais, todo o alumnado do curso 2017/2018 ingresou cunha nota media superior aos anteriores; estas notas de acceso distribúense nun intervalo de 6,6 ao 8,2, resultando como media un 8,37. Esta supera máis de un punto e medio á do curso 2016/2017 (6,78). en consecuencia, nestes indicadores prodúcese unha notable melloría dos datos e polo tanto unha progresión satisfactoria.

No que se refire á participación en programas de mobilidade internacionais, nos cursos anteriores non consta ningún caso e no 2017/2018 non se proporcionan datos ao respecto, polo que sería necesario dispor deste dato para saber se continua a mesma tónica.

Os resultados sobre o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino son moi satisfactorios, tanto por parte do estudantado como das persoas tituladas, xa que en ambos casos se supera a meta establecida polo Centro e ademais a puntuación outorgada polo alumnado ascendeu considerablemente e de forma progresiva nestes tres últimos anos (2015/2016: 3,03; 2016/2017; 3,47; 2017/2018: 3,93). en cambio, redúcese levemente no caso das persoas tituladas, aínda que, como dixemos, continúa sen traspasar a baixa a meta establecida polo Centro. Canto ao grao de satisfacción dos diferentes colectivos sobre a planificación e desenvolvemento do ensino, cómpre aclarar que no curso 2017/2018 dispoñemos unicamente de datos relativos ao estudantado e persoas tituladas, pois os correspondentes aos docentes son bianuais.

No que se refire ao alumando, o índice de satisfacción global é moi bo 4,06/5, o que pon de manifesto a mellora experimentada polo alumnado do título.

Puntos débiles detectados:

-Ausencia de mobilidade, non obstante ten xustificación, pois hai que ter en conta que este máster nítrese de perfís que contan cun elevado grao de especificidade no noso país, e ademais abrangue profesións reguladas coma os maxisterios. Polo tanto, ten lóxica a ausencia de mobilidade do estudantado propio, que a vez que realiza este máster está preparando oposición; mentres que o estudantado alleo será consciente da especificidade do máster e pola súa banda o profesorado comparte docencia con outros máster, graos e programas de doutoramento o que fai que non dispoña de tempo suficiente.

-Continua a ser de interese mellorar a sistematización de evidencias sobre planificación docente.

Accións de mellora a implantar:

Unificar o formato e algúns aspectos de fondo para a difusión da planificación de materia e das actividades de módulo e convinte idear a simplificación e uniformación de documentos.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.6.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo as enquisas de satisfacción do alumnado, o ítem mellor valorado é precisamente o correspondente á “accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web” (ítem 7), cun 4,39 sobre 5. Igual de ben valorado resulta o ítem 16, tamén relacionado coa información e transparencia: “as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia”, así como o 9: “a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)”. Polo tanto, pódese afirmar que o alumnado se sente en todo momento informado de forma clara e axeitada e que as canles de transmisión empregadas son as adecuadas. Menor é a valoración no que se refire ás persoas tituladas, como ocorre por outra parte en case todos os ítem analizados. Neste caso as puntuacións descenden a 3 (ítem 7), 4,27 (ítem 16) e 3,4 (ítem 9). de todos os xeitos, nunca se encontran valores inferiores ao 3 que é a meta establecida polo centro, no caso do ítem 16, a puntuación continua a ser moi boa, xa que supera o 4 sobre 5.

Puntos febles detectados:

Escaso descenso na satisfacción das persoas tituladas, sen que resulte alarmante, nin inferior a meta establecida polo Centro. Por elo, é convinte mellorar a información dispoñible, por exemplo, en relación a axudas, cursos, etc.

Accións de mellora a implantar:

É recomendable non perder de vista os datos e, no posible, ver que se pode mellorar nos canles de comunicación en aras dunha máis efectiva información e transparencia. Neste sentido pode incorporarse **unha acción de mellora dirixida á difusión de información a través da web e faitic sobre cursos de formación, axudas varias ás que pode optar o alumnado, en particular as da propia facultade (fotocopias, cursos de formación, etc.).**

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.6.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro obtivo no curso pasado (2016/2017) a certificación do sistema de calidade, que valora como un importante logro con repercusión no curso 2017/2018 e posteriores, aínda que continua a superar novas metas. Ademais supéranse na maioría os indicadores de calidade, o que demostra que o sistema funciona e asegura a mellora progresiva en cada título do Centro e no seu conxunto. Ademais polo feito de ser un centro certificado e de ter re-verificados positivamente máis do 50% dos títulos, en concreto o 100%, tivo a opción de solicitar a Certificación Institucional, que se concede de xeito automático cando se dan estas circunstancias.

En concreto este título, no ítem referido ao grao de satisfacción dos diferentes colectivos acadá unha boa valoración e, en xeral, resulta superior a cursos anteriores. Non obstante, o grao de satisfacción do colectivo de alumnado con respecto ao ítem 11 (“canles de participación na mellora da titulación”), representa unha das puntuacións máis baixas outorgada por este colectivo (3,76), que aínda así supera o 3,5 sobre 5 da meta establecida polo Centro. As enquisas de satisfacción unicamente recollen un ítem dedicado ao sistema de garantía de calidade. No caso do alumnado, o ítem 11: “As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)”, polo que os resultados obtidos neste sentido cómpre valoralos con precaución, pois a información dispoñible semella insuficiente. Polo tanto, cómpre atender esta cuestión no futuro, modificando o ítem 11 e completándoo con algún outro ítem, pois tal como está non parece que proporcione a información que se pretende obter.

Puntos febles detectados:

En xeral non cabe resaltar puntos febles. Non obstante, a UVigo podería valorar a posibilidade de aumentar o número de ítem do bloque 3 (Sistema de Garantía de Calidade) e, incluso, revisar o único que integra este bloque na actualidade para clarificar mellor co fin de garantir en maior medida a validez e fiabilidade do resultado.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.6.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto á cualificación do profesorado, no curso 2017/2018 ascendeu considerablemente a porcentaxe de sexenios (dun 48,58% a un 78,57%). Non obstante, canto ao número de doutores/as, aínda que se incrementou en dous docentes, en proporción ao total resulta máis baixo que o de cursos anteriores. Así, de 38 docentes o 50% teñen o título de doutor/a e, en consecuencia, o número de profesorado funcionario (titulares), contratados doutores e axudantes doutores está raiando a metade no curso 2017/2018 (18/38); asemade temos constancia de que hai algún profesorado xubilado que é doutor/a, e mesmo que foi catedrática, e non está computando nos datos ofrecidos. No curso 2017/2018, segundo os datos que se manexan, dez docentes intégranse na categoría profesional denominada “non aplicable”, mentres que en cursos anteriores dita categoría aparecía baleira. Isto posiblemente recolla o profesorado xubilado, e sen dúbida desvirtúa os números xerais no que se refire á cualificación do profesorado e dificulta a comparación cos cursos anteriores, xa que provoca un aumento do total debido ao engadido desta categoría. en efecto, mentres no curso 2017/2018, se conta cun total de 38 docentes (dos que 10 se corresponden coa categoría “non aplicable”), no curso 2016/2017 eran 26 e ningún constaba nesta categoría.

Con respecto ao proceso de formación continua do profesorado do máster, encóntranse cifras semellantes ás doutros cursos (5 docentes declararon que participaron en programas formativos). Ademais hai que ter en conta que o profesorado de Universidade participa regularmente en congresos especializados e eses datos tampouco son recollidos nas táboas ofrecidas desde o portal de transparencia da UVigo. en xeral respecto a esta cuestión cóstanos que o profesorado da facultade e activo.

No caso dos PAS, un 90,43% participou en programas de formación continua. Canto ao grao de satisfacción dese colectivo é bo, é tamén é moi bo no caso do estudiantado (4,12) e no que respecta ás persoas tituladas (4,36).

No que se refire á media de alumnado por grupo, só se aplican grupos A cunha media de 31,33 discentes, a vista da media proposta pola UVigo neste momento (35 para grupo medio e superior para gran grupo) é moi adecuada. Ademais para manter o máster por normativa son necesarios alomenos 20 alumnos matriculados.

No que se refire ás enquisas de avaliación docente, este máster conta cun cuestionario aberto, específico para este máster, para a avaliación que se adaptada ás súas particularidades, que está integrada no PAESU. A través do referido cuestionario os datos poñen de manifesto que respecto á Satisfacción do Alumnado sobre a Docencia do Profesorado o maior número de fortalezas (96) detéctase en relación coa valoración das temáticas ou materias cualificadas como interesantes e actuais, o que pon de relevo sen dúbida a boa percepción do estudiantado cara á formación que se lle ofrece e, en consecuencia, cara ao profesorado que lla imparte. A única debilidade que manifesta o alumnado (globalmente con 24 frecuencias) refírese á escaseza de prácticas externas/saídas.

<p>Puntos febles detectados: - Leve descenso do nº de profesorado doutor/a.</p> <p>-Demanda dun incremento das prácticas externas/saídas por parte do alumnado. - O máster en distintas materias e fundamentalmente a través da actividade de módulo ofrece diferentes saídas de estudo ao alumnado, independentemente de contar coa materia de prácticum, co compromiso de mantelas curso tras curso; por elo, polo momento, non se ve que sexa necesaria unha acción de mellora específica neste sentido. Con todo, relacionado con isto desde a Coordinación do Máster e a CAM tense detectado a conveniencia de unificar o formato e algúns aspectos de fondo para a difusión das actividades de módulo. Neste sentido é oportuno considerar unha Acción de Mellora.</p>	<p>Accións de mellora a implantar: - É relevante analizar na CAM e, no posible, ver a viabilidade de incorporar profesorado doutor/a ao máster, tanto cando se produza unha xubilación, baixa voluntaria ou outras circunstancias que recomenden un cambio de docente.</p>
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

3.6.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.</p> <p>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>No que respecta ao grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos, é moi alto, superior a 4 sobre 5 en todos os ítem no caso do estudantado, e tamén superior a 4 en tres dos catro ítem no caso das persoas tituladas. Estas só valoran cunha puntuación inferior a 4 (3,45), o ítem: “As infraestruturas e os materiais dispoñibles”. En definitiva, os datos indican unha gran satisfacción cos servizos e recursos, sobre todo cos tecnolóxicos.</p> <p>Canto ao número de alumnado por centro de prácticas, na maioría dos casos só hai un alumno por centro, excepto nun caso, que hai 3, e dous cun par de alumnos cada un.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p>	<p>Accións de mellora a implantar:</p>

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.6.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de satisfacción tanto do alumnado como das persoas tituladas supera en todos os casos o 3/5, sendo o valor máis alto, en ambos casos, o do ítem 18: “A utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (4,11 e 3,73 respectivamente), o cal resulta moi positiva. Ademais, o índice de satisfacción xeral é alto e superior á meta establecida polo Centro, tanto no estudantado como nas persoas tituladas, aínda que algo máis baixo nestas últimas (3,49 e no caso do estudantado 4,06). en ambos casos, supera o obtido en cursos anteriores.

A taxa de éxito acada en todas as materias é do 100%, pois en ningunha hai suspensos. Porén, no caso do Traballo de Fin de Máster encóntrase alumnado non presentado (un histórico de 21 casos, parte deles proceden de cursos anteriores, e dicir non se acumulan nun mesmo curso académico). Con todo as cualificacións non son preocupantes, xa que obtiveron: 7 Aprobados; 10 Notables; e 13 Sobresáintes.

Puntos febles detectados:

Detéctase un histórico de alumnado que non presentaron o TFM, que tamén se atopa no curso 2017/2018, isto sabemos que se debe a que o alumnado está preparando, a vez, oposición é en diferentes casos prioriza isto fronte a presentación do TFM, así mesmo opta por presentalo nas mellores condicións. Unha vez que xa se detectou que o alumnado do máster non presenta o TFM porque ten clara a súa prioridade para compaxinar coa preparación de oposición, coas convocatorias son anuais, non hai moito que facer ao respecto. A taxa de éxito dos presentados, nos 2 últimos cursos, foi do 100%.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou la valoración:

- E4: Guías docentes das materias
- E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
- E25/: Informes de cualificación por materia
- EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.6.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: 6s resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se comentou, a evolución do número de estudantes de novo ingreso mantense estable (só descende un discente no curso 2017-18).

A duración media dos estudos está a descender gradualmente nos tres últimos cursos (2015/2016: 1,55; 2016/2017: 1,40; 2017/2018: 1,21), o que supón unha tendencia moi positiva que esperamos manter no futuro.

Canto ás taxas de rendemento, eficiencia e gradación están próximas ou superan o 90% e sitúanse, polo tanto, por riba da meta global establecida polo Centro. Cabe destacar a taxa de gradación, que acada un alto 87,5%, valor moi distanciado da meta global (50%). A taxa de éxito nos 2 últimos cursos é do 100%. Por iso, a taxa de abandono é baixa (6,25%) e sitúase arredor da establecida polo centro. Aprecíase un descenso de case 1 punto con respecto ao curso anterior (2016/2017: 7,14%); esperamos progresivamente seguir a tendencia.

Sobre a información relativa á inserción laboral do estudantado do máster os datos poñen de manifesto que se atopan en emprego na empresa privada (37,5%) ou traballan para a Administración (12,5%), e dicir o 50% fronte a un 37,5% de desempregados/as (<https://bit.ly/2GPCDqO>).

Puntos febles detectados:

Taxa de abandono atópase arredor da meta global establecida polo Centro para os máster. Por elo, non se considera que sexa necesaria unha Acción de Mellora específica, aínda que convén estar vixiantes.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

3.7. Seguimento da titulación: Máster en Profesorado

3.7.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

Con respecto á matrícula de novo ingreso, o nº de matriculados aumentou en dous discentes no curso 2017/2018. Destaca a diversidade de perfís presentes entre o alumnado deste título, o que valoramos de forma moi positiva. Así, encóntrase desde 7 enxeñeiros ata 4 estudantes estranxeiros, que polo tanto ingresan a través da validación dos títulos. Con respecto á nota mínima de acceso mantense máis ou menos coma en cursos anteriores. Respecto a nota mínima de acceso ocorre o mesmo. Por último, o nivel de ocupación acadou o 100%, polo que podemos afirmar que se trata dun máster cunha alta demanda por parte do alumnado e que ademais este presenta un perfil variado con respecto á titulación de procedencia.

Por outra parte, no que se refire ás enquisas de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, os resultados do curso 2017/2018 son bastante satisfactorios, pois tanto no caso do estudantado como no das persoas tituladas superan a meta establecida polo centro e, ademais, melloran o resultado do curso anterior, en máis de medio punto no caso do alumnado e en máis dun punto no caso das persoas tituladas.

Non se dispón de datos sobre o número de discentes que participan en programas de mobilidade internacionais para o curso que estamos a analizar, aínda que no anterior consta un alumno. en calquera caso, o obxectivo do alumnado deste máster está orientado ao exercicio na Etapa da educación Secundaria, pois aspiran posteriormente a preparación de oposicións a educación secundaria, polo que adoitan compaxinar os estudos do título con estoutra actividade, situación que, sen dúbida, pode contribuír á redución da mobilidade (moitos están asistindo a academias ao mesmo tempo que cursan o máster).

Con respecto aos diferentes grupos de interese, no curso 2017/2018 só se ten datos do estudantado e das persoas tituladas, xa que os relativos ao profesorado se recollen de forma bianual. Así mesmo, tampouco se dispón de datos sobre a satisfacción coas prácticas académicas externas, dado que estes son difíciles de conseguir por parte da universidade.

Cómpre aclarar, por último, que o índice de satisfacción global do alumnado aumentou máis de medio punto con respecto ao curso anterior (2016/2017); neste non acadaba o 3 en ningunha das especialidades do máster. No caso das persoas tituladas, o aumento do índice global é aínda maior. Sen dúbida, trátase de resultados que indican unha mellora progresiva do título.

Puntos débiles detectados:

- Ausencia de datos en algún indicador. A universidade debe tomar como reto a adquisición de datos ausentes para poder analizarse.
- A satisfacción dos usuarios sobre a planificación e desenvolvemento continua sendo mellorable.

Accións de mellora a implantar:

É importante promover unha acción **para continuar mellorando a coordinación docente.**

Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título
- E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.
- E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)
- E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).
- E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
- E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.7.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o título é pública e atopase dispoñible principalmente na web do máster e do centro, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Os resultados con respecto á satisfacción dos diferentes grupos en xeral como a información web e pública son bastante positivos, xa que se sitúan ou moi próximos ou por riba do 3,5 sobre 5; é dicir, sempre superan a meta sobre o índice de satisfacción xeral do Centro. No caso das persoas tituladas aínda son mellores, acadando o 4 no caso do máster de Humanidades. en efecto, os ítem 7, 8 e 9, incluídos no Bloque 2 da enquisa de satisfacción (“Información e transparencia”), son dos mellor valorados. Por exemplo, no caso do alumando, o ítem 7 (“A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web”) resulta un dos mellor valorados no itinerario de Xeografía e Historia, así como no de Humanidades, cun 4,22, cando a satisfacción xeral se sitúa no 3,37. Igualmente, o ítem 8 (“A utilidade da información sobre a titulación publicada na web”) foi o mellor valorado no itinerario de Humanidades (cun valor de 4). Por último, o 9 (“A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes -plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...”) tamén obtivo unha das mellores puntuacións no itinerario de Xeografía e Historia.

Pasando agora a analizar os resultados das enquisas de satisfacción das persoas tituladas, no que se refire ao apartado de Información e Transparencia, de novo os ítem que o integran son algúns dos que obteñen as mellores puntuacións, especialmente o ítem 8: “A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade”, que obtén un 4 tanto no itinerario de Xeografía e Historia (moi superior sobre o índice xeral, situado no 3,18), como no de Orientación Educativa (3,56). Deste xeito, valórase positivamente este apartado, tanto no caso do alumnado como no das persoas tituladas. A pesar de que o apartado da enquisa de satisfacción correspondente á Información e Transparencia (bloque 2) inclúe varios ítem (catro no caso do alumnado e dous no caso das persoas tituladas), a obtención de puntuacións moi altas en un ou dous deles permítenos afirmar que a información se está transmitindo de forma clara e sinxela de localizar, xa sexa a través da web ou doutros soportes, o que garante ademais que o alumnado interpreta un alto nivel de transparencia neste sentido.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1 DO-0301 P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.7.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O centro obtivo o curso pasado (2016/2017) a certificación do sistema de calidade, que valora como un importante logro con repercusión no curso 2017/2018, de feito continua a superar as súas metas. Estas superáanse, na maioría dos indicadores de calidade, o que demostra que o sistema funciona e asegura a mellora progresiva en cada título do centro e no seu conxunto. Así, o grao de satisfacción dos diferentes colectivos é bo, en xeral, e superior ao de cursos anteriores. Ademais polo feito de ser un centro certificado e de ter reverificados positivamente máis do 50% dos títulos, en concreto o 100%, tivo a opción de solicitar a Certificación Institucional, que se concede cando se dan estas circunstancias.

No caso da valoración do alumnado, no ítem referido ao Sistema de Garantía de Calidade (ítem 11, bloque 3), atópase unha das puntuacións máis baixas, posiblemente aínda non sexa demasiado coñecido polo alumnado. As enquisas de satisfacción unicamente recollen un ítem dedicado ao sistema de garantía de calidade. No caso do alumnado, o ítem 11: “As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)”; mentres que no caso das persoas tituladas se trata do ítem 10, que recolle simplemente: “A xestión da calidade na titulación”. Polo tanto, considérase que os resultados obtidos neste sentido cómpre valoralos con precaución, pois a información dispoñible semella insuficiente. Ademais, as grandes diferenzas obtidas neste grupo de interese en contraste co das persoas tituladas, tamén fan dubidar da validez deste ítem, así como de que non se está medindo o mesmo no ítem 11 (alumnado) e no 10 (persoas tituladas). Polo tanto, cómpre atender esta cuestión no futuro, modificando o ítem 11 e completándoo con algún outro ítem, pois tal como está non parece que proporcione a información que se pretende obter.

Puntos febles detectados:

Puntuacións baixas no ítem 11 da enquisa de satisfacción do alumnado é atendendo a interpretación anteriormente realizada, podería ser recomendable que a UVigo valore a posibilidade da UVigo aumentar o número de ítem do bloque 3 (Sistema de Garantía de Calidade) e incluso modificar o único que integra este bloque na actualidade para clarificar mellor.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)
E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.7.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se comentou previamente, os resultados globais obtidos nas enquisas de satisfacción, tanto polo alumnado como polas persoas tituladas, superan con folgora a meta establecida polo centro polo que, de xeito xeral, a valoración é positiva. Ademais, os resultados das enquisas de avaliación docente son tamén positivos e superiores aos do curso anterior, situándose próximos ao 4 sobre 5 (3,83 no caso do itinerario de Orientación Educativa e de 3,80 no de Humanidades).

Respecto ao perfil do persoal académico e de apoio ao título, os resultados son satisfactorios. Así, encóntrase que un 90,43% de PAS participou en plans de formación, moi superior á meta establecida polo centro (75%) e tamén máis alto có 84,85% acadado o curso anterior. Con respecto ao profesorado, o número dos que participan en plans de formación mantense similar ao dos cursos anteriores (un menos ca no 2016/2017, pero un máis ca no 2015/2016). Canto á cualificación do PDI, máis da metade (21 de 34) son doutores, o que supera a meta establecida polo Centro ($\geq 50\%$) e, ademais a metade conta con categorías nas que se require o título de doutor: 1 catedrático, 9 titulares, 6 contratados doutores e 1 axudante doutor. A isto cómpre engadir o satisfactorio dato de que a porcentaxe de sexenios aumentou considerablemente con respecto ao curso anterior, pasando do 42,55% ao 68,75%, situándose así neste curso 2017/2018 moi por riba da meta global establecida polo Centro (40%).

A distribución do alumnado por grupos, a pesar da ocupación plena deste máster no campus de Ourense, a media reduciuse dun 26,917 no curso anterior, a un 19,97 no 2017/2018, dato que pode estar obtido a partir dos globais dos tres campus; con todo podería valorar de xeito positivo, pois o traballo en grupos reducidos sempre pode mellorar a calidade da docencia. No curso 2017/2018 non hai datos sobre a porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA, programa quinquenal, nin tampouco con respecto á súa participación en programas de mobilidade.

Puntos febles detectados:

Ausencia de datos sobre mobilidade do profesorado. Con todo tampouco desde a coordinación do título é fácil facer moito para promover esta mobilidade. No obstante a UVigo podería por en marcha as caules para coñecer a participación dos docentes nos programas de mobilidade e, no caso de que sexa baixa, fomentala mediante bolsas ou outros incentivos.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2 PE-02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría.

3.7.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizo

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados do bloque 5 da enquisa de satisfacción docente, relativo aos Recursos Materiais e Servizos, son moi positivos. Canto ás persoas tituladas, en todos os itinerarios de máster de profesorado este bloque obtén a puntuación global máis alta (próximas ou superiores ao 4/5), excepto no de Humanidades, no que as puntuacións son altas en todos os bloques (igual ou maiores ca 4/5), que a de 3,88 obtida neste, sendo positiva, é un pouco inferior á dos outros. No que se refire ao alumnado, as puntuacións son máis baixas pero en todo caso próximas ao 3,5/5, só superadas pola puntuación obtida no apartado de recursos humanos.

Con respecto ao número de alumnado por centro de prácticas, en xeral repártese de forma bastante equitativa nos distintos centros. Globalmente número oscila entre 1 e 9, aínda cun predominio de 1, 2 ou tres discentes por centro. Respecto aos datos sobre o grao de satisfacción coas prácticas académicas externas non se dispón dos mesmos, posiblemente porque esta información resulta difícil de conseguir por parte da universidade.

Puntos febles detectados:

Ausencia de información sobre a valoración das prácticas externas por parte do alumnado. Neste sentido desde a coordinación do máster non se dispón de medios para asumir este cometido, no obstante sería recomendable que a UVigo aplique as canles oportunas para recabar información sobre a satisfacción do alumnado con respecto ás prácticas.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.7.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto aos resultados de aprendizaxe, no caso das persoas tituladas destaca o itinerario de Humanidades, cos valores máis altos (4 sobre 5), mentres que nas outras especialidades as puntuacións sitúanse arredor do 3. No que se refire ao alumnado, os valores superan o 3 no itinerario de Humanidades e chegan ao 4 no de Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía. Porén, no caso do itinerario de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia temos puntuacións inferiores ao 3. en calquera caso, non se pode esquecer que o índice de satisfacción global deste máster aumentou máis de medio punto con respecto ao curso anterior. Ademais, a análise das cualificacións por materia ofrece resultados positivos, pois o número de suspensos é moi baixo e o número de non presentados tamén, a excepción do Traballo de Fin de Máster, que conta globalmente con 18 discentes que o deixaron sen presentar, aínda que entre os que si o fixeron non hai ningún suspenso, 2 aprobados, 25 notables, 32 sobresalientes e incluso 3 matrículas de honra. en consecuencia a taxa de éxito por materia é moi alta (entre o 95% e o 100%).

Cabe destacar que os resultados obtidos polo alumnado nas diferentes materias son moi satisfactorios.

Puntos febles detectados:

Puntuacións un pouco máis baixas na especialidade de Ciencias Sociais, no itinerario de Xeografía e Historia. Con todo non resulta alarmante, polo que por agora non se considera necesario deseñar unha acción de mellora específica.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.7.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os estudantes de novo ingreso aumentaron (dous discentes máis no curso 2017/2018).

As taxas de rendemento, abandono, eficiencia e gradación cumplan con creces as metas establecidas, achegándose ao 100% no caso do rendemento, eficiencia e gradación, e sendo case nula no caso do abandono (tan só do 1,64 %). Neste caso os datos son similares aos dos cursos anteriores, xa que nestes encóntrase igualmente taxas moi satisfactorias. Destaca de forma especial a gran distancia existente entre a meta global do Centro e o resultado obtido no caso da gradación deste máster, situándose este moi por riba do obxectivo que se pretendía acadar (meta: $\geq 50\%$; resultado: 92,06%). Así mesmo, a taxa de éxito é moi positiva pois na maioría das materias acada o 100% e nunca resulta inferior ao 95% (só catro materias se sitúan por debaixo do 100% pero sempre por riba do 95%). A taxa de avaliación é tamén igual ou superior ao 90%, excepto en tres materias: -Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía: 86%; - Traballo Fin de Máster: 78%; - Atención á Diversidade e a súa Intervención: 77%. en todo caso, trátase igualmente de resultados satisfactorios, que ronda o 80%.

A duración media dos estudos situase arredor dun curso académico (1,04), o que pon de manifesto os bos resultados do título.

Non se dispón de datos que recollan información sobre a situación laboral das persoas tituladas nos máster.

Puntos febles detectados:

Ausencia de información sobre a inserción laboral do alumnado. É recomendable que a UVigo implante medidas co fin de recabar información sobre a inserción laboral dos discentes do máster.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro .*

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambio menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se implantaron cambios polo que non existen modificacións non substanciais en ningunha titulación do Centro.

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Para cada titulación dáse conta do estado de situación das acción de mellora na [aplicación de xestión documental do SGC](#), que permite realizar un seguimento das mesmas. No caso do máster de Profesorado de Secundaria figura na aplicación informática da Facultade de Bioloxía, por tratarse dun título intercampus e ser ese o Centro que leva a coordinación xeral do mesmo.

En anexo, ao final do documento, achéganse as fichas en pdf obtidas a partir da aplicación informática para cada titulación. Cabe sinalar que estes anexos proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se modifica continuamente. Por elo, nun momento actual non tería porque coincidir o seu estado co presentado nas fichas deste documento.

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

As novas accións de mellora que se propuxeron para cada titulación ou para o centro son coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores ou consecuencia das recomendacións feitas polos comités avaliadores para a obtención da Certificación do centro.

Toda a información relativa aos Planos de Mellora incorpórase nos formularios de fichas que a UVigo habilitou a través da secretaría virtual na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Ademais, en anexo ao final do documento, achéganse as fichas obtidas a partir da aplicación informática para cada titulación e as vinculadas máis directamente co centro. No caso do máster de Profesorado de Secundaria tamén se aportan xa que foron facilitadas pola Facultade de Bioloxía ao tratarse, como se adiantou, dun título intercampus cuxa coordinación xeral é potestade dese centro. Cabe lembrar que, nun momento actual, non tería porque coincidir o estado no aplicativo informático co que presentan as fichas aportados neste documento.

VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

7.1. Conclusións relevantes

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluír que:

1.	En xeral e desde unha visión global acádanse bos resultados, tanto nas sete (catro de Grao e 3 Máster) respectivas titulacións oficiais atendendo aos indicadores do SGIC, así como aos indicadores específicos do seguimento establecidos por ACSUG.
2.	Non é preciso alterar polo momento a política e obxectivos de calidade, xunto coas metas establecidas polo centro xa que nos resultados obtidos sobre o curso 2017/2018 só se produciron leves alteracións. Por iso, o empeño do centro debe continuar na liña do que ven facendo nos últimos cursos académicos e no posible asumir novos retos.
3.	Cabe indicar que non se atoparon eivas excesivas nin salientables que requiriran de medidas complexas para contemplar nos Planos de Mellora propostos, cos que se asumirán os novos retos plantexados desde as respectivas titulacións; derivando estes fundamentalmente dos puntos febles que quedan identificados despois da análise realizada sobre os resultados. Ademais propúxose na aplicación informática algunha mellora a nivel de centro. Para todo iso, tanto de xeito específico desde os respectivos títulos, coma transversalmente artellando algunha acción desde o propio centro tratarase de continuar provovendo unha mellor sistematización das evidencias sobre a coordinación docente. Neste sentido incorporouse, entre outras, unha acción específica de centro.
4.	Respecto as QSP, cabe salientar que atendendo a súa tipoloxía se centran nas Queixas (15), tendo só unha entrada as Suxestións e ningunha para Parabéns. Polo que todo parece indicar que os grupos de interese teñen máis de que quixarse pero ademais poden asociar a aplicación informática as primeiras, por elo tamén será preciso buscar a forma de que se visibilice en maior medida a posibilidade de recibir Suxestións e Parabéns. Hai que indicar que aínda sendo moi escasas o maior volume está vinculado coas Queixas sobre Docencia (4), aspecto que será preciso continuar vixiando de cerca e de incrementarse contemplar algunha acción de mellora específica no futuro.
5.	Como se desprende dos resultados presentados, o centro e cada unha das súas titulacións contan cos rexistros de calidade pertinentes, na aplicación informática que puxo a disposición a UVigo para o SGIC, atendendo aos compromisos que derivan dos procedementos de calidade asumidos. No obstante, cabe sinalar que se bota en falta o Informe Anual de avaliación das titulacións do curso 2016/2017, xa que a ACSUG non o remitiu. O que é lamentable, pois non posibilita un <i>feedback</i> , recomendacións, etc. que poderían ser de utilidade para continuar optimizando a calidade das titulacións. A Facultade de CC. da Educación trasladou en prazo, en abril de 2018, a ACSUG, a través da plataforma AVALÍA, o Informe de Revisión pola Dirección (https://bit.ly/2EB1r3q), que inclúe o seguimento das distintas titulacións, e sen embargo non remitiu ao centro avaliación. Por elo, na aplicación para as respectivas titulacións non se

puido subir ese rexistro, tal como se pode constatar no procedemento *DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións* (R2 DO-0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación).

Ao anterior cabe engadir que a UVigo durante o curso académico 2017/2018 tampouco puxo en marcha o programa de seguimento interno para analizar e avaliar (a través do *Informe de Revisión pola Dirección*) os resultados obtidos no curso académico 2016/2017 polas titulacións do centro. Deste xeito tampouco os títulos do centro puideron contar con este tipo de avaliación e *feedback*. No obstante, ao centro se lle esixiu ao igual que de cursos académicos anteriores facer a laboriosa tarefa de confeccionar o *Informe de Revisión pola Dirección*, que presentou en tempo e forma constando de arredor de duascenas páxinas.

Cabe sinalar que en ambos casos se bota en falta a existencia de compromiso, correspondencia en relación ao que se lle está a esixir ao centro e as respectivas titulacións na xestión e evidencias do SGIC. Non pode esquecerse que ao PDI lle supón unha enorme dedicación e esforzo, que ben podería terse aliviado ou recompensado si se lle descargase do referido Informe cando non se ofreceu *feedback* sobre o mesmo; o que lle permitiría ao centro orientar mellor as súas actuacións e ao PDI involucrarse máis na implementación das accións de mellora pedagóxica, na investigación, etc.

7.2. Acordos

Nas respectivas xuntanzas acórdase por asentimento a data de 14 de marzo de 2019:

1.	Validar pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o Informe de Revisión pola Dirección.
2.	Aprobar pola Xunta de Centro o Informe de Revisión pola Dirección.

7.3. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación deste Informe

7.3.1. Asistentes á reunión da CGIC na que se validou o Informe

Presidenta (Decana): Mar García Señorán.

Secretaria (Coord. de Calidade e enlace igualdade): M. Carmen Ricoy Lorenzo.

PDI

Ángeles Conde Rodríguez (Coordinadora do Grao de Educación Primaria).

Antonio González Fernández (Coordinador do Grao de Educación Social).

Isabel Mociño González (Coordinadora do Grao de Educación Infantil).

Francisco Javier Aguiar Fernández (Coordinador do Grao de Traballo Social).

Pino Díaz Pereira (Coordinadora do Máster de Diversidade).

F. Javier García Núñez (representante por delegación no Máster de Dificultades).

Ramón Ángel Fernández Sobrino (representante por delegación no Máster de Secundaria).

Fernando Tellado González (representante do profesorado).

ALUMNADO

Sara Martínez Carreara (representante do estudantado).

PAS

Raquel María Iglesias Domínguez (represent. por deleg. da Administradora de Campus).

7.3.2. Asistentes á reunión da Xunta de Centro na que se aprobou o Informe

PROFESORADO

Aguiar Fernández, Francisco Javier

Blanco Sierra, Javier

Conde Rodríguez, Ángeles

Dapía Conde, María Dolores

De La Montaña Miguélez, Julia M^a Dolores

Díaz Pereira, M^a Del Pino

Fernández Méndez, José Luís

Fernández Sobrino, Ramón Ángel

Figueroa Revilla, Beatriz Olga

García Núñez, Francisco Javier

García Señorán, M^a Del Mar

González Fernández, Antonio

Lameiras Fernández, María

Lombardero Posada, Xoan

López Viso, Mónica

Mayobre Rodríguez, Purificación

Membiela Iglesia, Pedro

Méndez Fernández, Ana Belén

Mociño González, Isabel

Raposo Rivas, Manuela
Ricoy Lorenzo, María Del Carmen
Tellado González, Fernando
Vidal López, Manuel

ALUMNADO

(*) 3º Ciclo.

Martínez Carrera, Sara*
Martínez Román, Rosana*
Riobóo Lois, Alexo Breogán
Sánchez Martínez, Cristina*

PAS

Garrido Freire, José Benigno
Gil Lamas, Víctor Manuel
Iglesias Domínguez, Raquel M^a
Lorenzo Fungueiriño, Juan José


Facultade de Ciencias
da Educación



VIII. ANEXOS*

*Cabe lembrar que os anexos relativos as *Accions de Mellora*, tanto do Centro coma das respectivas titulacións proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se modifica continuamente. Polo tanto, o seu estado no aplicativo informático podería variar respecto das fichas anexadas neste documento.

**Facultade de Ciencias
da Educación**



Anexo 1. Outros resultados: Grao en E. Infantil

I01 AC - NOTA MEDIA DE ACCESO

GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
CURSO ACADÉMICO 2017/2018

Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nota media acceso
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	7,534
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	7,634
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes escénicas, música e Danza	7,040
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Ciencias da Saúde	7,170
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	8,140
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	7,993
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	7,631
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,815
Acceso para maiores de 25 Anos	Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	6,640
Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Actividades Físicas e Deportivas: Animación de Actividades Físicas e Deportivas	7,500
	Sanidade: Laboratorio de Diagnóstico Clínico	7,100
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración Social	8,580
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Animación Sociocultural	7,000

	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	7,509
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	0,000

E3 I2 - PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO

GRADUADO EN EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO ACADÉMICO 2017/2018

Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nº de ingresos
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	1
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	9
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes escénicas, música e Danza	1
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Ciencias da Saúde	1
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	1
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	3
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	14
Acceso para maiores de 25 Anos	Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	1
Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Actividades Físicas e Deportivas: Animación de Actividades Físicas e Deportivas	1

	Sanidade: Laboratorio de Diagnóstico Clínico	1
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración Social	2
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Animación Sociocultural	1
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	43
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	1
Total		88

II1 - DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS POR CENTRO DE PRÁCTICAS

GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Nome da Institución	Nº de alumnado
C.E. Martín Códaz	1
C.E.I.P As Mercedes	4
C.E.I.P Curros Enríquez	1
C.E.I.P Mestre Vide	2
C.E.I.P Plurilingüe Calvo Sotelo (O Carballiño)	1
C.E.I.P. A Ponte	1
C.E.I.P. Amadeo Rodríguez Barroso	1
C.E.I.P. Amaro Refojo	1
C.E.I.P. As Mercedes	1
C.E.I.P. Carlos Casares	1
C.E.I.P. Concepción Arenal	1
C.E.I.P. Curros Enríquez	1
C.E.I.P. de Prácticas	1
C.E.I.P. de Seixo	1
C.E.I.P. Eloisa Rivadulla	1
C.E.I.P. Leirado	1

Nome da Institución	Nº de alumnado
C.E.I.P. Manuel Luís Acuña	1
C.E.I.P. Manuel Sueiro	2
C.E.I.P. Mariñamansa	1
C.E.I.P. Mestre Vide	2
C.E.I.P. Plurilingüe Calvo Sotelo	1
C.E.I.P. Plurilingüe de Silleda	1
C.E.I.P. Plurilingüe Irmáns Villar	3
C.E.I.P. Rosalía de Castro	1
C.E.I.P. Vicente Risco	1
C.P.I Terras de Maside	1
C.P.I. A Cañiza	1
C.P.I. Antonio Failde	1
C.P.I. Laureano Prieto	2
C.P.R. María Inmaculada	1
C.P.R. Plurilingüe Divino Maestro	1
C.P.R. Plurilingüe Luís Vives	3
C.P.R. Plurilingüe María Auxiliadora Salesianos	6
C.P.R. Plurilingüe Sagrada Familia - Filipenses	1
C.P.R. Plurilingüe Sagrado Corazón (Franciscanas)	1
C.P.R. Plurilingüe Santiago Apóstol	1
C.P.R.A. Camelia	1
C.R.A. de Monterrei	1
Colegio Padre Feijóo Zorelle	1
Colexio La Purísima	1
Colexio Plurilingüe Divina Pastora (Franciscanas)	4
Colexio Plurilingüe San Pío X	1
Colexio Plurilingüe Santa María (Maristas)	2
Colexio Plurilingüe Alborada	1
Colexio Virolai Emsa	1
Escola infantil Concepción Sáins Otero	1

**Facultade de Ciencias
da Educación**



Anexo 2. Outros resultados: Grao en E. Primaria

I01 AC - NOTA MEDIA DE ACCESO

GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO ACADÉMICO 2017/2018

Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nota media acceso
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	8,118
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	8,209
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	7,330
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	8,524
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,691
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,888
Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	7,850
Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Actividades Físicas e Deportivas: Animación de Actividades Físicas e Deportivas	7,967
	Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	7,500
	Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	8,128
	Sanidade: Laboratorio clínico e biomédico	8,500
	Administración e xestión: Asistencia á dirección	7,670
	Comercio e márketing: Xestión de vendas e espazos comerciais	8,080

Graduados Superiores	Graduado en Educación Infantil	8,225
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	7,990

E3 I2 - PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO

GRADUADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO ACADÉMICO 2017/2018

Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nº de ingresos
Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	6
	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5
	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	1
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	18
	Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	11
